



**Resolución de 8 de maio de 2014 relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de 24 de novembro de 2014 pola que se pretende impulsar o voluntariado cultural relacionado coa lectura entre o alumnado de 5º e 6º de primaria, dos centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da iniciativa denominada “VOLUNTARIADO DE LECTURA-A”. Curso 2014/2015**

Con data 24 de novembro de 2014, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria correspondente ao curso 2014/2015 dunha acción iniciada no curso anterior, destinada a incentivar o voluntariado cultural relacionado coa lectura entre o alumnado de 5º e 6º de Primaria, denominada **VOLUNTARIADO DE LECTURA-A**. Trátase de recoñecer o traballo de colaboración que veñen desempeñando algúns alumnos e alumnas nas bibliotecas dos seus respectivos centros, ao participar de forma voluntaria en actividades de xestión e de dinamización da biblioteca e, á súa vez, favorecer á extensión dunha práctica que produce excelentes resultados en relación coa adquisición de hábitos de lectura, ao tempo que contribúe á formación de actitudes de solidariedade e de colaboración entre o alumnado.

Os centros podían participar nunha ou varias das modalidades contempladas na convocatoria:

1. **Colaboración coa biblioteca escolar**
2. **Ler con... D** (Lecturas compartidas dentro do centro)
3. **Ler con... F** (Lecturas compartidas fóra do centro)

Segundo o previsto na convocatoria, os centros interesados deberían inscribirse e presentar finalmente unha memoria de actividades que sería valorada e da que se seleccionarían un total de 50 alumnos e alumnas, procedentes de centros das catro provincias galegas, para participar nunha xornada de convivencia. Esta iniciativa foi integrada como actividade de voluntariado por parte da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Inscribíronse nesta iniciativa un total de 45 centros que desenvolveron as actividades previstas e, finalmente, remitiron a memoria correspondente no prazo previsto un total de 42 centros.

Constituíse a Comisión de Valoración prevista no apartado 6 da convocatoria e valoráronse as memorias recibidas. Para a valoración das actividades tivéronse en conta os criterios contemplados no apartado 7 da devandita convocatoria. De acordo coa proposta formulada por esta Comisión e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, terceiro, cuarto e sétimo do texto de referencia,

**RESOLVO:**

Primeiro.: Seleccionar un centro por cada unha das provincias galegas, tendo en conta a valoración acadada na revisión das memorias, segundo os criterios contemplados no apartado 7 da convocatoria, co fin de que participen na xornada de convivencia prevista:



Centro	Concello	Provincia	Modalidades
CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	A Coruña	1, 2
CEIP Ramón Falcón	Castro de Rei	Lugo	1,2,3
CEIP Carlos Casares	Xinzo da Limia	Ourense	1
CEIP Montemogos	Bueu	Pontevedra	1,2,3

Segundo.: Cada un dos centros recollidos no cadro tomarán decisións que consideren oportunas para a selección dun grupo de 12 alumnos e alumnas de entre o alumnado que participou máis directamente como colaboradores na biblioteca e noutras actividades das distintas modalidades nas que participaron. No caso de que o grupo de voluntariado sexa menor, as prazas resultantes distribuiranse entre o resto dos centros.

Terceiro.: Desde a Subdirección Xeral de Centros (Asesoría de Bibliotecas Escolares) recibirán, na maior brevidade posible, toda a información detallada e as instrucións precisas para organizar a participación deste alumnado, xunto cun profesor ou profesora acompañante, nas Xornadas de Voluntariado de Lectura-A, que en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado se está organizando, e que se celebrará entre os días 26 e 29 de maio, no Centro Residencial Docente de A Coruña, tal e como está contemplado no apartado 4 da convocatoria.

Nestas xornadas os participantes (alumnado e profesorado), asistirán a diversos obradoiros, nos que se incidirá nos valores do voluntariado, con carácter xeral, e nas posibilidades do voluntariado cultural, os xogos tradicionais, a narración oral, a lectura expresiva, os traballos cooperativos e solidarios, entre outros. Completarase con visitas a unha biblioteca e a un museo científico, onde desenvolverán diversas actividades. As nenas e nenos participantes tamén terán ocasión de presentar as actividades de voluntariado de lectura que levaron a cabo durante o curso ao resto de asistentes.

Cuarto.: Como actividade integrada nos programas de voluntariado da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, todo o alumnado participante nas actividades recollidas nas memorias dos diferentes centros que participaron nesta iniciativa durante o curso 2014/2015, recibirá un diploma acreditativo.

Quinto.: Esta Dirección Xeral elaborará un informe en relación cos diferentes tipos de actividades que se están a levar a cabo nas bibliotecas escolares que participaron nesta convocatoria, así como as valoracións do alumnado e profesorado participante na xornada de convivencia, para a súa difusión entre a comunidade educativa.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2015  
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS



Jose Manuel Pinal Rodríguez